



A NECESIDADE DUN NOVO ESTATUTO PARA A PROFESIÓN XORNALÍSTICA E UN DEBATE XERAL SOBRE O HIPERSECTOR DA COMUNICACIÓN

"A continuación reproducimos este traballo de Xosé María García Palmeiro, xornalista e ex-decano do CPXG, publicado no INFORME "A COMUNICACIÓN EN GALICIA 2004", editado polo Consello da Cultura Galega (Sección de Comunicación) e coordinado por Xosé López"

A José Juan González Encinar, in memoriam

A unión, o traballo, individual e colectivo, consciente, solidario e participativo. Velaí a resposta que reclama a situación dunha profesión nun tempo caracterizado polo notable deterioro das condicións laborais. É certo que ese deterioro, esa degradación, resulta ser un mal xeral, visible asemade noutros ámbitos profesionais. Semella clara, polo tanto, a necesidade de eliminar ou reducir esas carencias en todos os espazos das relacións laborais e profesionais e non debe quedar para o final aquel desde o que se recollen, procesan, elaboran e espallan as noticias, os comentarios, os divertimentos e os contidos requeridos para o desenvolvemento da actividade e a vertebración das sociedades plurais, libres e democráticas.

A superación dese deterioro laboral xeral necesita pasos e transformacións positivas que pasan pola eliminación da temporalidade e os contratos en precario, a superación dos baixos niveis salariais e dos abusos derivados da realización das prácticas, a invocada polivalencia e o teletraballo, co que se degradan algunhas das posibilidades abertas polas Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación. E sería moi importante que desde a profesión xornalística se deran os pasos que marcasen o camiño a seguir, os impulsos e as accións concretas que permitisen afrontar e superar toda esa carga negativa. Algo se ten feito e se está a facer, por suposto, desde os ámbitos profesionais e aí está o traballo desenvolvido -un inaugural "Informe sobre a situación laboral dos xornalistas galegos"- (1) e outras iniciativas promovidas desde o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), que agrupa actualmente a 1.100 profesionais. (2) Pero son necesarias outras accións e outros compromisos, tamén no plano legal e, xa que logo, nos políticos e institucionais para camiñar decididamente na dirección correcta.



O PROXECTO DE ESTATUTO AGARDA NO CONGRESO

Necesitamos fixar o marco da actividade profesional e un primeiro paso deuse coa redacción do "Proyecto de Estatuto del Periodista Profesional", elaborado polo "Foro de Organizaciones de Periodistas". Ese texto que debe ser debatido, e aprobado, no Congreso dos Deputados, foi presentado, e rexeitado por dúas veces para a súa tramitación, na anterior lexislatura. Daquela, a maioría do Partido Popular (PP) resultou determinante para a súa neutralización. O feito de que a iniciativa contase co apoio do Grupo Parlamentario Socialista debe permitir agora abrir ese debate nesta nova lexislatura.

Estou a referirme a un debate que debe abranguer o conxunto do chamado hipersector da comunicación, tan necesitado dunha reflexión e revisión crítica e seria e do contraste derivado da imprescindible participación dos diferentes sectores sociais, xa que é a cidadanía a propietaria e a destinataria das mensaxes dos informadores e dos comunicadores, das entregas de cada un dos medios. Partindo desta premisa, non abondaría coa revisión do marco xeral regulador do control e a xestión dos medios de comunicación de titularidade pública -sendo algo moi importante- se ese "aggiornamento" non se completase e complementase coa superación das dificultades e disfuncións que afectan aos medios de titularidade privada e ás que, infelizmente, tampouco non son alleos os medios públicos.

Nese senso todas as contribucións han ser benvidas. Desde calquera espazo profesional, asociativo ou sindical. Non faltará, naturalmente, desde Galicia a contribución do CPXG, agora con renovada Xunta de Goberno e logo da institucionalización e a consolidación posibilitada polas accións levadas a cabo na primeira etapa (2000-2004). O CPXG é un interlocutor imprescindible e por medio da súa estreita colaboración co **Col.legi de Periodistes de Catalunya (CPC)** e coa **Federación de Sindicatos de Periodistas (FeSP)** participou nos debates previos que propiciaron a redacción do Proxecto de Estatuto del Periodista Profesional. O CPXG forma parte, como observador do "**Foro de Organizaciones de Periodistas**" (3) e ten en marcha xunto co CPC a constitución do Consejo de Colegios de Periodistas de España.

MÁIS DE 2.000 XORNALISTAS EN GALICIA

A iniciativa do CPXG, unha corporación de Dereito Público, foi determinante para a convocatoria do encontro celebrado en Santiago de Compostela o pasado 5 de xuño e no que se aprobou "a constitución dunha xestora para a creación dun sindicato que loite por mellorar as condicións laborais dos máis de 2.000 xornalistas en activo en Galicia" (www.xornalistas.com). Trátase de accións, as do colexio e as sindicais, diferenciadas, aínda que complementarias, na defensa dos intereses profesionais e laborais dos xornalistas e eso explica o papel desempeñado polo CPXG nos momentos aurais dun impulso sindical que os profesionais comprometidos coa idea deberán configurar dun xeito autónomo.

En todo caso, as funcións descritas no artigo 2 dos Estatutos do CPXG son ben indicativas das tarefas e as obrigas da institución. Debe "afondar na mellora das condicións nas que os xornalistas levan a cabo os seus traballos e a defensa profesional dos seus membros", pero tamén debe "garantir a independencia e a liberdade informativa en beneficio da sociedade galega; defender, dacordo co artigo 20.1 da Constitución Española, o dereito á liberdade de información e de expresión



garantidas a todos os cidadáns; salvagardar a sociedade de informacións que tendan a deformar voluntariamente a realidade dos feitos e poñer especial acento na defensa do segredo profesional e na aplicación da cláusula de conciencia, como tamén recolle a Constitución”.

MELLORES CONDICIÓNS LABORAIS E SALARIAIS

A ninguén se lle oculta que todas estas funcións apuntan ás necesidades e reivindicacións profesionais e laborais dos xornalistas, pero tamén a outras dimensións derivadas do marco lexislativo, dos dereitos da cidadanía e dos compromisos de carácter ético ou deontolóxico, irrenunciabes para o mellor e axeitado desenvolvemento do traballo desde os diferentes soportes da comunicación. Quere isto dicir que unhas mellores e máis dignas condicións laborais e salariais e unha mellor regulación da actividade profesional dos xornalistas han ser parte importante da positiva transformación que o sector da comunicación necesita. É un feito que precisamos mellores produtos informativos e mediáticos, maior calidade e, conseguintemente, maior credibilidade para os profesionais e para os medios aos que aqueles serven e nos que desenvolven a súa actividade. Todo eso non se logrará unicamente cunhas mellores condicións laborais e salariais, pero difícilmente poderá conseguirse sen esas reivindicacións debidamente recoñecidas e respectadas.

Trátase dun obxectivo que debe ser entendido e compartido polo poder político, polos lexisladores e, desde logo, polos editores e empresarios da comunicación, públicos e privados, máis aló de actitudes cínicas e oportunistas que levan a máis dun a facer seus estes obxectivos, sempre e cando se cumpran lonxe do seu territorio comunicacional, do seu espazo empresarial. Non é ésta, naturalmente, a única incoherencia, a única contradicción realmente existente no sector da comunicación. Hai moitas outras, tamén na esfera dos profesionais, pero sí resulta ser aquela especialmente determinante porque esa visión, no fondo despectiva para cos profesionais, condiciona traballos e proxectos informativos e revélase, en non poucas ocasións, limitadora das capacidades e das iniciativas dos xornalistas. Nomeadamente, de quen están a dar os primeiros pasos na profesión logo de completada a súa formación inicial na Facultade de Ciencias da Comunicación.

XORNALISTAS E NON MEROS PROVEEDORES DE CONTIDOS

É preciso superar esa e outras contradicións para ofrecer algunha resposta fundamentada aos agoreiros que falan e dictaminan sobre a morte do xornalismo e a desaparición dos xornalistas. Na Sociedade da Información e do Coñecemento, nun momento marcado pola multiplicación dos soportes e das posibilidades da comunicación -a nivel social e tamén interpersonal-, nun tempo que reclama cada vez máis información precisa, especializada e documentada, nunha fase necesitada de claves para intentar entender, e escoller, entre a abondosa, ou mesmo sobreabundante, oferta informativa e mediática, o papel e a función do xornalista revélase central. Máis que de morte ou desaparición, haberá que falar, pois, dunha máis coherente e digna configuración da profesión do xornalista e da súa función, como profesional e cidadán, nunha sociedade máis e mellor informada e, polo tanto, cada vez máis esixente e crítica coa realidade que a rodea e coa representación que desa realidade percibe, minuto a minuto, desde os diferentes medios de comunicación. Claro é que estou a falar de xornalistas e non de meros “proveedores de contidos”. Claro que estou a referirme a medios sen os filtros e as



hipotecas derivadas das “excesivas” dependencias económicas e políticas dalgunhas empresas de comunicación. Públicas e privadas.

Así as cousas, a profesión de quen, coa mellor formación posible e as reciclaxes requeridas polo dinamismo deste tempo histórico, debe adaptar o seu rol á capacidade para ver, escoitar, reflexionar e contar de xeito claro, directo, conciso e documentado, revélase como parte importante tamén na defensa e consolidación dos dereitos e as liberdades da cidadanía nunha sociedade plural, libre e democrática. Unha sociedade que necesita das reformas e das melloras profesionais e laborais dos xornalistas, que estamos reivindicando desde diferentes instancias de carácter profesional ou sindical. Certamente non é éste, non debía selo, un oficio para cínicos, como advirte Ryszard Kapuscinski (4), senón para profesionais comprometidos coa súa sociedade, co seu tempo e dispostos a contribuir á positiva e progresiva transformación das condicións de vida e traballo. Tamén das que lles son propias.

Por todo o aquí plantexado, resulta moi necesaria a acción coordinada desde distintas instancias profesionais, colexios, asociacións, sindicatos e outros colectivos para contribuir a levar á sociedade e aos ámbitos político e lexislativo, empresarial e laboral, a necesidade de abrir ese debate clarificador sobre a comunicación e os comunicadores. A necesidade de debatir e aprobar un marco regulador, un Estatuto do Xornalista Profesional que propicie novas e mellores posibilidades para a profesión, para o sector e para a sociedade.

A DEFENSA DOS DEREITOS DA CIDADANÍA

Non se trata de reclamar, á marxe das reivindicacións laborais e salariais, privilexio algún para os xornalistas (o exercicio do xornalismo comprende dereitos e deberes, liberdade e responsabilidade), senón maiores posibilidades para o exercicio da liberdade de expresión e do dereito á información para os profesionais e para toda a cidadanía. Para os profesionais, na súa condición de garantes deses dereitos de todos. Trátase de contemplar a especificidade dunha profesión por mor da función que cumpre en aras do deber de información constitucionalmente garantido. “Existe, polo tanto -dise no preámbulo do Proxecto de Estatuto del Periodista Profesional- base constitucional para a promulgación dun Estatuto, que ten como finalidade servir o dereito da cidadanía a ser informada, garantindo a independencia dos informadores.

O Estatuto debe desenvolver os dereitos da liberdade de expresión e de información nun conxunto de facultades que permitan aos informadores reforzar a súa profesionalidade e, conseguintemente, a independencia fronte aos poderes políticos e económicos. Independencia que é presuposto da función social de informar. Nesta liña sitúase a Lei Orgánica 2/1997, reguladora da cláusula de conciencia, que xa na súa exposición de motivos considera implícitamente esta institución ao servizo da independencia profesional ao declarar que “a información non pode ser obxecto de consideracións mercantilistas, nin o profesional da información pode ser concebido como unha especie de mercenario aberto a todo tipo de informacións e noticias que son difundidas á marxe do mandato constitucional de veracidade e pluralismo”. (5)



Sobre a necesidade dunha regulación estatutaria da profesión xornalística e dunha maior seguridade xurídica dos profesionais, escribiu o profesor Guillermo Escobar Roca: "En España el estatuto de los periodistas, entendido como el conjunto de derechos y deberes propios de esta

profesión, tanto en su faceta individual como colectiva, se encuentra actualmente disperso en normas de naturaleza heterogénea y variado contenido. Junto a normas jurídicas típicas, de distinto rango (constitucional, legal o reglamentario) y ámbito territorial de aplicación (estatal o autonómico) nos encontramos con otras de base contractual (convenios colectivos, estatutos de redacción) y de discutible fuerza vinculante (recomendaciones de organizaciones internacionales). Además, entran también en escena, con importancia creciente, textos que no parecen gozar de las características propias de las normas jurídicas (normas de autorregulación)". (6)

Sempre se insistirá pouco no feito de que "a información constitúe un dereito fundamental recoñecido como tal polo Convenio Europeo dos Dereitos Humanos e as Constitucións democráticas, e en que o seu suxeito ou titular son os cidadáns, a quen corresponde o dereito de esixir que a información que se da desde o xornalismo se realice con veracidade nas noticias e honestidade nas opinións, sen inxerencias exteriores, tanto dos poderes públicos como dos sectores privados". E aínda máis: "Os poderes públicos non deben considerarse propietarios da información. A representatividade pública lexítima para actuar en orde a garantir e desenvolver o pluralismo dos medios de comunicación e para asegurar que se creen as condicións necesarias para o exercicio da liberdade de expresión e o dereito á información, excluindo a censura previa". (7)

Algunhas situacións e abusos, para cos dereitos dos profesionais e o dereito da cidadanía á información, en medios de titularidade pública e privada; os despedidos masivos e as contínuas ameazas de eliminación de postos de traballo; algúns opacos procesos de concentración empresarial; algunhas inadmisibles inxerencias do poder político e doutros poderes nas mensaxes e nas propostas mediáticas necesitan de mecanismos correctores que impidan a conversión do sector nun "campo de Agramante" (8) e que permitan fortalecer a situación e a condición do xornalista. Refírome a un profesional que a Sociedade da Información e do Coñecemento precisa, cada vez máis, activo e comprometido na súa calidade de elaborador das mensaxes configuradoras e vertebradoras dun entorno redimensionado polas Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Esa sociedade e os xornalistas necesitan, de inmediato, abordar e artellar razoablemente o debate xeral sobre o hipersector da comunicación e, tamén, dotar dun novo marco regulador e estatutario a unha profesión imprescindible.

Xosé María García Palmeiro

Xornalista. Foi o primeiro Decano (2000-2004) do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia

**NOTAS**

- 1.- "A situación laboral dos xornalistas galegos" (Litonor, Santiago de Compostela 2002) foi a primeira investigación financiada e publicada polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. O traballo foi coordinado polo profesor Miguel Túñez, recentemente elixido Decano da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago, cargo no que substituíu ao profesor Xosé López García.
- 2.- O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) é unha corporación de Dereito Público, con personalidade xurídica propia, creada pola Lei 2/1999 do Parlamento de Galicia, de 24 de febreiro. O seu ámbito de actuación é Galicia e está estruturado en sete demarcacións. Conta actualmente con 1.100 profesionais asociados. É o segundo creado en España despois do Col.legi de Periodistes de Catalunya. En maio de 2004 foi proclamado Decano o xornalista Xosé Manuel Vega Gómez, que se desempeña como redactor parlamentario na Televisión de Galicia (TVG).
- 3.- O "Foro de Organizaciones de Periodistas" está integrado polo Col.legi de Periodistes de Catalunya, a Federación de Sindicatos de Periodistas, a "Federación de Asociaciones de la Prensa de España"-FAPE-, a Agrupación de Periodistas de Comisiones Obreras (CC.OO.) e a Agrupación General de Periodistas da Unión General de Trabajadores (U.G.T.).
- 4.- Ryszard Kapuscinski, xornalista e escritor, (Pinsk, Bielorrusia, 1932) é unha figura indiscutible do xornalismo contemporáneo e está considerado coma un dos mellores reporteiros do mundo. Estudiu Historia na Universidade de Varsovia (Polonia). Entre os seus libros publicados, máis de vinte, figura "Los cínicos no sirven para este oficio". Dedicouse ao xornalismo desde 1959 e traballou como corresponsal da axencia de noticias Polish Press en África, Asia e América Latina. Desde 1962 veu compaxinando as súas colaboracións xornalísticas coa actividade literaria.
- 5.- O "Proyecto de Estatuto del Periodista Profesional", que pretende regular o exercicio profesional dos informadores, foi elaborado polo Foro de Organizaciones de Periodistas, aprobado pola II Convención de Periodistas de España, reunida en Valladolid en maio de 2000 e ratificado pola III Convención de Periodistas de España, celebrada en Tarragona en maio de 2002. Está pendente da súa tramitación, debate e aprobación no Congreso dos Deputados.
- 6.- Cfr. o libro "Estatuto de los periodistas. Régimen normativo de la profesión y organización de las empresas de comunicación", (editorial Tecnos, Madrid, 2002) de Guillermo Escobar Roca, profesor titular de Dereito Constitucional na Facultade de Dereito da Universidade de Alcalá. Foi discípulo do desaparecido José Juan González Encinar, director do Departamento onde o autor do libro completou a súa formación.
- 7.- Cito aquí o "Código Europeo de Deontoloxía do Periodismo", aprobado o 1 de xullo de 1993 por resolución da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa. O seu ponente e redactor foi o profesor Manuel Núñez Encabo.
- 8.- Un "campo de Agramante", segundo o Diccionario da Real Academia Española (21ª edición, Madrid, 1992) é un lugar "onde reina moita confusión e no que ninguén se entende".